



## Sesión de benvida ao profesorado novo

Nos últimos anos tiveron lugar numerosas novas incorporacións ao persoal docente do centro e, dende o Decanato, decidiuse crear un Comité de Benvida (composto por parte do equipo decanal) e elaborar unha guía para o profesorado (a modo de manual de benvida).

O 2 de novembro, o equipo decanal compartiu unha charla e un café co novo profesorado do centro que se incorporou no curso 22/23. Nunha distendida conversa, déuselle a benvida e comentouse a guía de profesorado dispoñible na páxina web, recollendo as achegas que o novo profesorado considerou oportuno engadir.



## Exposición HEURA

O 4 de novembro inaugurouse a Exposición HEURA. Rede de mulleres Confía que estivo na Facultade durante varias semanas. Trátase dunha mostra itinerante que apoia iniciativas de autoemprego para mulleres en situación ou risco de vulnerabilidade. A exposición consistiu nunha montaxe audiovisual con fotografías e vídeos para divulgar e conmemorar o 10º Aniversario do Programa Confía, promovida pola organización Treball Solidari. É unha iniciativa innovadora que fusiona técnicas de formación e acompañamento ao emprendemento comúns en Europa coas metodoloxías de microcrédito grupal tan estendidas nos países do Sur.







## Premio á innovación docente

A Facultade foi un dos oito centros premiados na convocatoria para o recoñecemento da innovación docente da Universidade de Santiago de Compostela. Nesta convocatoria, o centro presentou evidencias do emprego de metodoloxías docentes innovadoras como a aprendizaxe por descubrimento ou colaborativa, sistemas de avaliación entre pares, o emprego de rúbricas, proxectos de Aprendizaxe-Servizo, publicacións de profesorado do centro de experiencias de innovación docente, actividades de formación organizadas polo centro, proxectos de innovación docente nos que participou profesorado do centro e outras iniciativas relacionadas coa innovación docente como o ciclo de conferencias *Aprendendo das Empresas* ou a *Aula Profesional ECOADE*, ou o Ciclo de Cine *A Economía e a Empresa no cine*. O recoñecemento acadado consiste nun diploma acreditativo e nun incremento da dotación do orzamento do centro para o 2022 de 2500 euros.



## Xuntanza con delegados/as e coordinadores/as

O 17 de novembro, tivo lugar unha xuntanza do equipo decanal e os/as coordinadores/as de curso e título cos/as delegados/as e subdelegados/as de Economía e ADE. Esta xuntanza, a modo de presentación, serviu para establecer os cauces de comunicación e as vías de colaboración mutua. Ademais, os/as delegados/as e subdelegados/as expresaron as súas primeiras impresións sobre o comezo e desenvolvemento do curso e resolvéronse algunhas das súas dúbidas en cuestións de procedementos.







## Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller



O 25 de novembro celebrouse o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller. Na Facultade fixemos unha lectura colectiva do manifesto 25 N RUIGEU, na que participaron representantes do profesorado, estudiantado e persoal do servizo de limpeza da Facultade.

## Eleccións a decano/a na Facultade

O profesor Xoán Ramón Doldán García será decano da Facultade por outros catro anos máis logo das eleccións celebradas o 25 de novembro e nas que obtivo 59 votos a favor dos 63 emitidos na Xunta de Facultade da que forman parte profesorado, persoal de administración e servizos e alumnado do centro.

Neste novo mandato contará no seu equipo con Sesi Barcia Dominguez como Secretaria Académica, Adrián Dios Vicente como Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais, Romina García Chas como Vicedecana de Calidade e Innovación Docente, Rosario Vidal como Vicedecana de



Relacións coas Empresas e Institucións e Oscar Rodil Marzábal como Vicedecano de Organización Docente e Titulacións, en substitución de Ángela Troitiño Cobas, á que todo o equipo decanal e á Facultade lle agradece o seu traballo e dedicación.





## Xuntanza do Comité Consultivo

O 14 de decembro tivo lugar a reunión do Comité Consultivo de Expertos/as Externos/as da Facultade na que participaron ademais do equipo decanal os representantes de diferentes institucións e organismos: Confederación de Empresarios de Galicia (CEG); Colegio Economistas A Coruña; Concello de Santiago, Deputación da Coruña; Consellería de Facenda, Consello de Contas de Galicia; Instituto Español de Analistas, Alumni USC; UXT e CIG e empresas: Financiera Maderera S.A. (FINSA), GADISA; Daveiga Producción Responsable e CLUN Cooperativas Lácteas Unidas. Nela os membros do comité consultivo fixeron aportacións sobre a modificación do plan de estudos do Grao en Economía que xa está en marcha, e tamén sobre a relativa ao Grao de ADE ou sobre outras titulacións que poderían desenvolverse na Facultade. Tamén nesta reunión trataróñse varias propostas para a Aula profesional ECOADE na que se prestaron a colaborar.



## Aula Profesional: Taller de LinkedIn

O 2 de novembro tivo lugar o taller sobre LinkedIn da AULA PROFESIONAL ECOADE no que o alumnado tivo oportunidade de aprender a mellor forma de plasmar nesta rede profesional o seu perfil e facer contactos que permitan coñecer a profesionais referentes en empresas ou institucións de todo o mundo e comezar na búsqueda de saídas profesionais.



O taller, impartido polo profesor do departamento de Organización de Empresas e Comercialización, José Ramón Porto Pedrido, foi moi dinámico e o alumnado asistente mostrouse moi interesado nesta ferramenta.





## Aula Profesional: Talleres de ferramentas Office 365

Tamén como parte da programación da AULA PROFESIONAL ECOADE ao longo do mes de novembro celebráronse tres talleres prácticos co obxectivo de acadar un mellor manexo dalgunhas das principais ferramentas de Office 365. Estes talleres, principalmente dirixidos ao alumnado dos primeiros cursos, foron *Comunicación e traballo colaborativo*, *A introdución á análise de datos con Excel* e *A elaboración dun informe en Word*.



Luis Martínez Sobrino, da área TIC da USC, impartiu o primeiro e o terceiro e explicou como sacarlle o máximo rendemento a aplicacións usadas diariamente polo alumnado: correo, axenda, nube, así como os principais recursos que ofrece Word á hora de elaborar

documentos de calidade con índices, encabezados, referencias internas, etc. Alfonso Rodríguez Sandiás, profesor do departamento de Economía Financeira e Contabilidade, impartiu o taller introductorio sobre Excel.

## Aula Profesional: Ciclo de cine

O 15 de novembro iniciouse o Ciclo Economía e Empresa no Cinema, no marco da AULA PROFESIONAL ECOADE, que constará da proxección de oito películas e que será recoñecido con 1 Crédito ECTS no expediente do alumnado participante.

Ao longo dos meses de novembro e decembro proxectáronse 3 películas: *El lobo de Wall Street*, *La Odisea de los Giles* e *Arcadia*. Ao finalizar a proxección de cada película, organizouse un coloquio para debater cuestións relativa á economía e á empresa.

15 de novembro 29 de novembro 13 de decembro 14 de febreiro

**A Economía e a Empresa no Cinema**

Actividade recoñecida con 1 crédito ECTS para o alumnado dos Graos en Economía e ADE  
Matricula gratuita na secretaria virtual (do 7 ao 11 de novembro)  
Proxeccións e coloquios os martes ás 19h00, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

7 de marzo 28 de marzo 18 de abril 25 de abril

USC FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS  
Coordinadores: Adrian Dios Vicente e Raul Rios Rodriguez





## Aula Profesional: Aprendendo das empresas/institucións

No marco da AULA PROFESIONAL ECOADE, dentro do ciclo de conferencias *Aprendendo das Empresas/Institucións*, o 9 de novembro desenvolveuse na Facultade unha charla sobre as funcións da AEAT e tamén sobre as diferentes oposicións que dan acceso a este organismo adscrito ó Ministerio de Facenda.



Contamos coa colaboración de Imelda Capote, Delegada Especial da Agencia Estatal de la Administración Tributaria, e Patricia Cardador, inspectora coordinadora da Delegación Especial, e da profesora María Cadaval Sampedro, directora da Cátedra Iberoamericana para levala a cabo.

O 15 de novembro, Lucia Novo, directora xeral en Tórculo, ofreceu ó alumnado da Facultade unha charla na que destacou a visión global do negocio que ten o director/a financeiro/a e que fai que este posto do organigrama sexa unha peza imprescindible para a definición da estratexia xeral da empresa. Para a realización da charla contamos coa colaboración da profesora, Loreto Fernández e do Instituto Español de Analistas Financieros.



O 23 de novembro tivemos na Facultade a conferencia impartida por Enrique Sáez Ponte, gracias á colaboración do departamento de Economía Aplicada. A conferencia tratou sobre un tema de gran actualidade como son os sistemas de pagamento e a súa dixitalización.

O 30 de novembro tivemos unha mesa redonda sobre Liderado feminino e cultura empresarial moderada pola profesora María Bastida e coa presenza de Dora Casal, directora executiva de Roberto Verino Oficial e Josefina Fernández Álvarez, directora de operacións de Altia, coa que rematamos o ciclo de conferencias *Aprendendo das empresas* neste primeiro cuadrimestre.

A través dunha distendida conversa, estas directivas galegas, baseándose na súa propia experiencia, fixeron achegas ao alumnado para sacarlle o máximo partido á etapa universitaria explicando tamén como se iniciaron no mundo laboral e os distintos postos polos que pasaron.







## Prácticas e Mobilidade

O 10 de novembro rematou a 1ª convocatoria para solicitar prácticas deste curso a realizar entre os meses de novembro e abril. Ofertáronse 48 empresas para prácticas e recibíronse 31 solicitudes.

O 24 de novembro publicouse a convocatoria Erasmus para o vindeiro curso. Co obxecto de informar ao alumnado interesado na mesma, no marco do plan de acción tutorial (PAT), celebrouse unha charla informativa na facultade o 30 de novembro. Rexistráronse 57 solicitudes de estudantado de ADE e 17 de Economía.

## Outras actividades desenvolvidas na Facultade

O 28 de novembro presentouse na Facultade o Informe da Economía Social de Galicia 2021 dirixido pola profesora Maite Cancelo Márquez no que se realiza un estudo minucioso das características e á aportación á economía galega das entidades de mercado da Economía Social Galega que alberga, un total de 1.145 cooperativas, 656 sociedades laborais activas, 117 Centros Especiais de Emprego, 13 Empresas de Inserción Laboral, 4 mutuas e mutualidades, 35 confrarías de pescadores, 1.072 sociedades agrarias de transformación e 3.013 comunidades de montes veciñais en man común. Este acto contou coa presenza de Pilar Murias, Vicerreitora de Estudantes e Cultura da USC, Xoán Ramón Doldán García, Decano da Facultade, Manuel Botana, codirector do estudo, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade; e Celso Gándara Carnero, presidente do Foro pola Economía Social Galega.



Entre o 1 e o 3 de decembro desenvolveuse na Facultade o 2022 *International Conference on Marketing and Technologies (ICMarkTech'22)*, organizado polo departamento de Organización de Empresas e Comercialización, que reuniu

a máis de 70 congresistas especializadas/os en mercadotecnia e tecnoloxías, que expuxeron os seus traballos sobre temas como social media, marketing automation, machine learning aplicado al marketing, neuroforecasting, influencer marketing, etc.





## Acción solidaria de Nadal

Mari Carmen Salgado Temes foi a gañadora da nosa cesta de nadal solidaria. Grazas a ela e a todas as persoas que contibuíron xenerosamente coas súas doazóns comprando rifas, a Facultade entregará máis de 1750 euros á Cociña Económica de Santiago de Compostela que axuda a diario a persoas con poucos recursos.



## Acordos relevantes das Comisións da Facultade

### Comisións Académicas de ADE e Economía:




- 19 de decembro: Aprobación dos informes de coordinación dos graos de Economía e ADE. Seguimento da execución das accións de mellora formuladas para o curso 21/22. Debate sobre a coordinación na realización de probas fóra do período oficial.

### Comisión de Calidade:

- 23 de novembro: Elaboración e aprobación do informe razoado en relación coa decalación de intencións da modificación do grao en Economía.
- 21 de decembro: Aprobación das modificacións do manual de procesos e do manual do sistema de garantía de calidade da facultade. Ratificación dos informes sobre a execución das accións de mellora do Máster en Dirección e Xestión Contable e Financeira. Seguimento da execución das accións de mellora formuladas para o curso 21/22. Informe de indicencias tramitadas durante o curso 21/22.

### Xunta de Facultade:

- 24 de novembro: Aprobación da declaración de intencións provisional da modificación do grao en Economía e do novo Mestrado en Economía Circular.
- 25 de novembro: Elección de decano.
- 21 de decembro: Aprobación da declaración de intencións definitiva do grao en Economía. Aprobación das modificacións do manual de procesos e do manual do sistema de garantía de calidade da facultade. Aprobación das solicitudes de informes para o recoñecemento do complemento por méritos docentes.



Séguenos nas nosas redes sociais